



## **BASES PARA A SELECCIÓN E POSTERIOR CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 3 SOCORRISTAS AFECTOS Ó SERVIZO DE SALVAMENTO NAS PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE FORCAREI PARA O ANO 2017.**

### **PRIMEIRA. OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN E SISTEMA DE SELECCIÓN.**

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación de 3 socorristas que estarán destinados ao servizo de salvamento nas piscinas municipais, durante a tempada de verán do ano 2017.

A contratación será de carácter laboral e temporal, de acordo coas condicións establecidas no artigo 3 do Real Decreto Lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, cunha duración de dous meses e catro días (ampliable a tres, no caso de concederse á subvención solicitada á Xunta de Galicia, con base no Plan de fomento de Emprego e mellora da empregabilidade de 2017, aprobado pola Orde de 2 de maio de 2017, publicada no DOG nº87 de 8 de maio de 2017), en réxime de xornada completa, cun salario bruto mensual, parte proporcional das pagas extras incluída, de 1.144,17 euros.

Cos aspirantes que tendo superado o proceso, e pola nota final non acadasen praza, confeccionarase un listado para cubrir as baixas ou renuncias que se puideran producir entre o persoal que si resultase





seleccionado, adxudicándose a contratación ao seguinte aspirante en puntuación.

O sistema de selección será o establecido na Orde de 2 de maio de 2017, publicada no DOG nº 87 de 8 de maio de 2017.

## **SEGUNDA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES**

Para ser admitido/a á realización das probas selectivas os/as aspirantes deberán reuni-los seguintes requisitos:

- a Ter nacionalidade española ou algunha outra que, conforme o disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia permita o acceso ao emprego público.
- b Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- c Posuí-la capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas que se van realizar.
- d Que non fora condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos.
- e Estar en posesión da titulación de socorrista (será suficiente se foi obtida nalgunha das seguintes entidades: Cruz Vermella, Protección Civil, Academia Galega de Seguridade, CESFORM-Vigo, Federación Nacional de Socorrismo, Federación Galega de Socorrismo, IDISSA (Fundación para la investigación, desenvolvemento e innovación en salvamento, socorrismo y actividades), SADEGA SL, Universidade de Coruña e Dirección Xeral





de Formación e Colocación).

f Acreditación de figurar inscrito no Rexistro no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co Decreto 104/2012, de 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, modificado polo Decreto 35/2017 de marzo.

g Non ter sido apartado mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

h Non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade.

### **TERCEIRA - SOLICITUDES**

Os aspirantes deben ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia. Os aspirantes serán remitidos polo Servizo público de Emprego, previa solicitude de oferta polo Concello, facendo constar na mesma os requisitos e características que deben reunir os traballadores que contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes ao posto de traballo ofertado.

Non poderán ser contratadas con cargo as axudas desta Orde aqueles traballadores que foran contratados por un periodo igual ou superior a seis meses con cargo as axudas concedidas no 2016 pola Consellería de Traballo e Benestar no ámbito de colaboración coas entidades locais en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas.

### **CUARTA .-ADMISIÓN DOS ASPIRANTES**





A Presidencia da Corporación aprobará a **lista de admitidos/as e excluídos/as**, especificando, no seu caso, os motivos da exclusión (aqueles traballadores que foran contratados por un periodo igual ou superior a seis meses con cargo as axudas concedidas no 2016 pola Consellería de Traballo e Benestar no ámbito de colaboración coas entidades locais en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas).

#### **QUINTA . TRIBUNAL CUALIFICADOR**

O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por cinco membros. Podendo constituírse coa asistencia de tres dos seus membros titulares ou suplentes.

Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida ós aspirantes á praza convocada, e terán voz e voto.

Estes deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran neles algunha circunstancia provista no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

O tribunal estará composto polos seguintes membros:

**Presidente:** M<sup>a</sup> ELENA SUEIRO FERNÁNDEZ, (Secretaria municipal), ou persoa na que delegue.

Vocais:

- FERNANDO CANABAL BARREIRO (Administrativo do Concello de Forcarei (ou persoa na que delegue)





- ANTONIO REY CORTIZO (Encargado de obras do Concello de Forcarei), ou persoa na que delegue.
- RAUL HERMIDA FERREIRO (Oficial fontaneiro do Concello de Forcarei) ou persoa na que delegue

**Secretaria:** M<sup>a</sup> DEL CARMEN MATO CACHAFEIRO, (Administrativo do Concello de Forcarei) ou persoa na que delegue, con voz e sen voto.

A data de celebración dos exercicios será a notificada pola oficina pública de emprego a cada candidato.

O Tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

## **SEXTA - FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN.**

O proceso selectivo é de concurso-oposición.

### **FASE DE OPOSICIÓN:**

Consistira na realización dos seguintes exercicios:

#### **1.- PROBA ESCRITA**

No día, hora e lugar sinalados na resolución pola que se aprobe o listado de admitidos, deberán presentarse tódolos aspirantes a socorrista para realizar a proba teórica. Consistirá na realización dun exame tipo test de 25 preguntas con 3 alternativas de resposta cada unha que versará sobre o temario do Anexo I. A puntuación máxima





na proba teórica será de 10 puntos sendo necesario obter 5 puntos para superar a proba.

## 2.- PROBA PRÁCTICA

Unha vez publicadas as puntuacións da proba escrita, os que superen a mesma, serán citados nunha piscina ou pavillón, para realizar unha **proba práctica eliminatoria** que consistirá en nadar 100 metros estilo crol. A proba terá unha puntuación máxima de 10 puntos resultando preciso lograr 5 puntos para non quedar eliminado. O Tribunal antes do comezo da proba estipulará os tempos requiridos, tempo máximo para a execución da proba para mulleres e homes. A puntuación fixarase aplicando as puntuacións proporcionalmente aos tempos obtidos tomando como referencia o do aspirante que obtivera o mellor tempo.

## FASE DE CONCURSO:

A fase de concurso de méritos farase con base nos seguintes criterios, establecidos ao efecto pola Orde do 2 de maio de 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais: :

1) **Mulleres, e, en especial aquelas que acrediten ser vítimas de violencia de xénero:** por ter a condición de muller 1.00 puntos, se é vítima de violencia engadirase 0,50 máis. A acreditación de ser vítima de violencia de xénero acreditarase a través do correspondente parte de denuncia ou certificación por parte do organismo correspondente.





**2) Menores de 30 anos, en especial demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional:** por ter a condición de menor de 30 anos, 1.00 punto, se é demandante de primeiro emprego, engadirase 1.00 máis.

**3) Persoas paradas de longa duración:** 0.50 puntos.

**4) Persoas con discapacidade:** 0.25.

**5) Persoas desempregadas que esgotases as prestacións e subsidios por desemprego a que teñan dereito:** 0.25 puntos.

**6) Persoas desempregadas maiores de 45 anos:** 0.25 puntos.

**7) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia:** 0.50 puntos.

**8) Menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe ou parella de feito, fillos ou fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento:** 0.50 puntos.

#### **NOVENA - DESIGNACIÓN DAS PERSOAS SELECCIONADAS.**

Rematado o proceso de selección o Tribunal calculará a cualificación final. Esta será a suma da puntuacións da Oposición e do concurso de méritos. O Tribunal, a vista dos resultados e puntuacións totais, propondrá ao órgano competente o nomeamento dos aspirantes que obtivesen as maiores puntuacións sen que, en ningún caso, poida superalo número de aprobados o das prazas convocadas.





No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes, este resolverase a favor do aspirante que obtivese maior puntuación na fase de méritos, e de persistir o empate, o que obtivese maior puntuación na proba práctica.

**DÉCIMA.-** As persoas que resulten seleccionadas deberán presentar, antes da súa contratación a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI
- b) Xustificante da titulación esixida
- c) Acreditación de figurar inscrito no Rexistro profesional de socorristas acuáticos.
- d) Certificación do rexistro central de delinquentes sexuais de non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos.

#### **UNDECIMA - INTERPRETACIÓN DAS BASES.**

As presentes bases vinculan á Administración Local convocante, ó Tribunal Cualificador e os aspirantes que participen no proceso.

O Tribunal cualificador queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolvelas dúbidas e incidencias que se deriven da aplicación das presentes bases, podendo adoptar resolucións, criterios e medidas naqueles aspectos non regulados na presente convocatoria.

#### **DUODÉCIMA - NORMA FINAL**

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na







forma establecidos pola Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administración Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Do mesmo xeito a Administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme co previsto na mencionada Lei 30/1992 do 26 de novembro.”

## ANEXO I

### TEMARIO

1. A Constitución Española de 1978.
2. Os dereitos fundamentais: evolución histórica e conceptual. Os dereitos fundamentais e as liberdades públicas.
3. Dereitos e deberes dos empregados públicos. Réxime disciplinario do persoal ó servizo das Administracións Públicas.
4. Os conceptos de Administración Pública e Dereito Administrativo. O sometemento da Administración ó dereito. O principio de legalidade. As potestades administrativas.
5. Deseño e xestión de programas acuáticos saudables.
6. Prevención e seguridade en actividades e programas acuáticos.
7. Prevención de accidentes no medio acuático.
8. Intervención prehospitalaria ante accidentes e afogamentos no medio acuático.
9. Primeiros auxilios.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

